

# TRABALLO DE FIN DE GRAO

A evolución da escola rural galega (1945-2022): a historia escolar de Cesuras.

La evolución de la escuela rural gallega ( 1945-2022): la historia escolar de Cesuras.

The evolution of the Galician rural school (1945-2022): the school history of Cesuras.

Autor/a: Laura Veiga Presa

Dir./Dir.<sup>a</sup> : Narciso de Gabriel Fernández

Grao en educación primaria

2022

## Índice

<b>1.Introdución.....</b>	<b>6</b>
<b>2.Evolución do sistema educativo español ( 1945-2022).....</b>	<b>9</b>
<b>2.1. Lei da educación primaria de 1945.....</b>	<b>10</b>
<b>2.2. Lei xeral de educación de 1970.....</b>	<b>10</b>
<b>2.3. Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo 1990.....</b>	<b>11</b>
<b>2.4. Lexislación posterior á LOXSE.....</b>	<b>12</b>
<b>3. Evolución das taxas de escolarización.....</b>	<b>13</b>
<b>3.1. Alumnos e escolas.....</b>	<b>13</b>
<b>3.2. Os docentes e a feminización do maxisterio.....</b>	<b>13</b>
<b>4.As construcións escolares.....</b>	<b>15</b>
<b>5.O currículo.....</b>	<b>15</b>
<b>6.A avaliación.....</b>	<b>17</b>
<b>6.1.Lei de ensinanza primaria de 1945.....</b>	<b>17</b>
<b>6.2. Lei xeral de educación de 1970.....</b>	<b>18</b>
<b>6.3.Lei de ordenación xeral do sistema educativo de 1990.....</b>	<b>18</b>

<b>7. A escola rural en Galicia. ....</b>	<b>19</b>
<b>7.1. Experiencias a favor da escola rural galega.....</b>	<b>20</b>
<b>8. A historia escolar de Cesuras.....</b>	<b>22</b>
<b>8.1. As escolas unitarias.....</b>	<b>23</b>
<b>8.2. Recursos e materiais didácticos.....</b>	<b>39</b>
<b>8.3. Métodos pedagóxicos e didácticos.....</b>	<b>40</b>
<b>8.4. As materias escolares.....</b>	<b>42</b>
<b>8.5. Sistemas de avaliación e control da asistencia.....</b>	<b>42</b>
<b>8.6. Segregación por sexo.....</b>	<b>43</b>
<b>8.7. A mestra.....</b>	<b>43</b>
<b>8.8. O alumnado.....</b>	<b>43</b>
<b>8.9. A calidade educativa das escolas unitarias.....</b>	<b>45</b>
<b>9. O Centro de EXB .....</b>	<b>45</b>
<b>9.1. Da unitaria ao centro escolar.....</b>	<b>46</b>
<b>9.2. As infraestruturas e recursos.....</b>	<b>47</b>
<b>9.3. A evolución da matrícula.....</b>	<b>48</b>

<b>10.A escola en Cesuras na actualidade.....</b>	<b>49</b>
<b>11. Conclusión .....</b>	<b>52</b>
<b>12. Bibliografía.....</b>	<b>53</b>
<b>13. Anexos .....</b>	<b>55</b>

## **Resumo**

A escola é un ámbito de gran relevancia para a sociedade debido á súa labor ao longo da historia. Ademais todos os cambios aos que foi sometida a institución son de natureza socio-cultural (Escolano, 1994) polo que o coñecemento e análise do seu pasado non é soamente unha ferramenta enormemente útil para os e as docentes senón tamén para o conxunto da sociedade, permitíndolles desenvolver un pensamento crítico sobre a realidade social e educativa (Mallo Gambetta, 2009).

O presente estudo busca coñecer cal foi a evolución da escola rural galega dende o ano 1945 ata a actualidade, centrando posteriormente a investigación no caso concreto do Concello de Cesuras.

Para acadar ditos obxectivos, preséntase en primeiro lugar unha evolución da escola rural galega, tendo en conta as investigación referentes neste eido así como a lexislación educativa presente en cada época.

Posteriormente, ofrécese unha reconstrución da evolución escolar dun concello en concreto, o de Cesuras. Dita investigación está fundamentada principalmente en trinta e catro entrevistas realizadas a exalumnos das escolas unitarias e do grupo escolar.

Cómpre destacar que Galicia presenta un territorio cunha gran porcentaxe de ruralidade e dispersión, un feito que dificultou a creación dunha rede escolar galega. Ademais, despois da investigación realizada pode concluirse que “non existiu unha política educativa axustada ás necesidades territoriais e humanas do medio rural” (Caride, 2014, p.166).

**Palabras chave:** Escola rural/ Evolución da escola rural galega/ Historia escolar de Cesuras.

## 1. Introducción

Na análise e definición da escola rural cómpre destacar dous factores fundamentais implicados: por unha banda o sistema educativo( máis concretamente a escola primaria) e, por outra banda, o mundo rural.

Os sistema educativo pode definirse segundo Viñao ( 2002) do seguinte xeito:

Son un conxunto de institucións de educación formal, diferenciadas e relacionadas entre si, xestionadas e supervisadas por instancias de carácter público, costeadas total ou parcialmente polo Estado; a cargo de personal formado, regulado e retribuído total ou parcialmente polo estado e que expide unhas credenciais ou certificacións (p.6).

Felisa Ceña (1992) indica que non existe consenso entre os científicos das ciencias sociais para definir “rural” e que calquera definición para dito termo pode ser considerada como arbitraria (p.16). Con todo, a mesma autora presenta tres dimensións para a definición de mundo rural:

- a) A dimensión socio cultural ou antropolóxica, que asocia o medio rural cos valores tradicionais.
- b) Unha dimensión ocupacional baseada no predomio das actividades do sector primario, que na actualidade perde forza debido á predominante incorporación dos habitantes do medio rural a mercados de traballo non agrarios.
- c) Unha dimensión ecolóxica que considera medio rural zonas as que os poboamentos son pequenos con áreas substanciais de paisaxe aberto a eles (Ceña, 1992,p.16).

Por outra banda, a lei 45/2007 para o desenvolvemento sostible do medio rural, define o medio rural como “o espazo xeográfico formado pola agregación de municipios ou entidades locais menores definidos polas administracións competentes que posúan unha poboación inferior a 30.000 habitantes e unha densidade inferior a 100 habitantes por km<sup>2</sup>”.

Tendo en conta os conceptos anteriores podémonos aproximar á definición do concepto de escola rural e, seguindo Costa Rico (2014), podemos delimitar a escola rural tendo en conta a seguinte definición:

Enténdese por escola rural todos os centros educativos de educación formal situados no contexto rural ou mesmo en espazos vilegos ou periurbanos, sempre que o seu alumnado proceda maioritariamente de hábitats rurais, con presenza efectiva de trazos culturais e antropolóxicos ligados á cultura tradicional. Pero, debemos considerar hoxe que non necesariamente o seu contorno socio-económico deberá ser predominantemente agrícola-mariñeiro ou pesqueiro, nin tampouco responder o seu contorno cultural a parámetros culturais tradicionais (p.148).

A delimitación temporal da investigación será entre a LEP de 1945 e a actualidade. Ademais a área de estudo principal será Galicia e, máis en concreto o concello de Cesuras. Este é dun territorio de 2100 habitantes, situado no leste da provincia da Coruña. Linda ao norte cos concellos de Abegondo e Oza dos Ríos; polo leste Abegondo; polo sur con Mesía; e polo oeste cos concellos de Mesía e Abegondo.

Está constituído por 13 parroquias: Cutián, Carres, Figueredo, Paderne, Loureda, Probados, Filguerira de Traba, Mandaio, Bragade, Dordaño, Borrifáns, Filgueira de Barranca e Trasanquelos.

Cesuras foi un concello da provincia da Coruña e pertencente á comarca de Betanzos ata o 6 de xuño de 2013 cando a Xunta de Galicia aprobou o decreto de fusión do concello co de Oza dos Ríos dando lugar ao nacemento dun novo concello: o concello de Oza-Cesuras.

En canto ao tema escollido, cómpre descartar que a escola é un aspecto de gran relevancia para a sociedade debido á súa labor ao longo da historia como elemento homoxeneizador cultural e de ascenso social.

Ademais, tal e como indica Agustín Escolano (1994) todas os cambios aos que foi sometida a escola a nivel currículo, métodos, labor dos docentes... son de natureza socio-cultural. Así, coñecer a evolución da escola rural, analizando ao mesmo tempo as causas socio-culturais deses cambios, permitiranos recoñecer as causas que xustifican a situación na que esta se atopa na actualidade así como o camiño que esta deba tomar para enfrentarse aos retos futuros.

En definitiva, a escola forma parte da memoria colectiva, e polo tanto o coñecemento e análise do seu pasado non é soamente unha ferramenta enormemente útil para os e as

docentes senón tamén para o conxunto da sociedade permitíndolles desenvolver un pensamento crítico sobre a realidade social e educativa (Mallo Gambetta, 2009).

Ademais esta investigación parte dun interese persoal por coñecer cal foi a evolución da escola rural galega en xeral e da escola en Cesuras en particular, e que feitos e decisións fixeron que se atope na situación que vive na actualidade.

Como habitante, ex alumna e mestra en prácticas dunha escola rural, suscítame un gran interese coñecer cales son as posibles causas e solución que podería adoptar a escola rural.

Así, os obxectivos desta investigación serán:

- Coñecer cal foi a evolución da escola rural galega.
- Analizar as leis educativas e o seu tratamento da escola rural.
- Identificar aquelas medidas legais que supuxeron un deterioro da escola rural.
- Analizar experiencias a favor da escolar rural.
- Analizar a evolución escolar en Cesuras como exemplo desa evolución da escola rural galega.
- Reconstruír a historia escolar de Cesuras.

Para acadar estes obxectivos empregarei para a realización da investigación serán, en primeiro lugar a bibliografía e investigacións existentes no eido da escola rural así como a lexislación que me permita elaborar unha evolución da mesma.

Para reconstruír a historia escolar de Cesuras, ademais da documentación existente no centro educativo, no Concello e no Arquivo do Reino de Galicia; empregarei unha enquisa a modo de entrevista.

Os entrevistados serán ex alumnos e ex alumnas das unitarias de Cesuras, así como do centro escolar. Intentarase entrevistar, cando menos, a dúas persoas por cada unha das unitarias e que estudara, preferiblemente, con leis dististas.

A análise dos datos terá un enfoque cualitativo posto que a realidade que se vai estudar é subxetiva, dinámica e composta por múltiples contextos.

A relación final dos entrevistados así como as cuestións empregadas na entrevista poden verse no anexo 1.



## **2. Evolución do sistema educativo español ( 1945-2022)**

A nivel estatal cómpre destacar tres leis que, a pesar de non establecer medidas exclusivas, si supuxeron un cambio no paradigma escolar rural. De seguido, móstranse de xeito pormenorizado algúns dos aspectos máis relevantes de cada lei e desenvólvese esa implicación que tiveron nas escolas do medio rural.

### **2.1. Lei da educación primaria de 1945.**

En 1945, apróbase a Lei de Educación Primaria, a primeira lei dirixida á educación primaria en España.

Con todo, esta lei non foi acompañada dos recursos necesarios para que a escola primaria fora realmente gratuíta e accesible a toda a poboación. Polo tanto, recaía nas propias familias a obriga de escolarizar aos seus fillos e fillas (Lei de Educación Primaria,1945). Isto deu lugar a un gran auxe de escolas privadas no sistema educativo español. Con todo, entre 1939 e 1951 créanse ao redor de 6000 escolas públicas (Escolano, 2002).

A lei establecía tres tipos de escolas entre as que diferenciaba as escolas nacionais, as privadas e as da Igrexa. Tratábase dun modelo baseado na confesionalidade do Estado e no nacional-catolicismo e que rachaba cos principios defendidos pola II República como bilingüismo ou a coeducación.

A educación primaria quedaba dividida en dous períodos, o elemental dos 6 aos 10 anos, e a de perfeccionamento dos 10 aos 12 anos. Con carácter xeral a educación secundaria quedaba reservada para os grupos sociais máis acomodados polo eran moi poucos os alumnos e alumnas que tiñan a oportunidade de acceder a unha ensinanza superior durante o período que este lei estivo vixente.

Dos 3.247.983 alumnos que realizaban a ensinanza primaria, unicamente 67.763 acadaban un título de ensinanza superior (Escolano, 2002).

Ao comezo da década dos anos 60 iníciase en España unha política tecnocrática e a educación convértese nun dos principais puntos de investimento. Isto provoca un aumento no gasto da educación. Boa conta disto é a dotación en 1956 de 2.500 millóns de pesetas (15.000.000 euros) para un plan de construción escolares a cinco anos (Lázaro, 1975).

En canto ás mencións que esta lei fai á escola rural, cómpre destacar que nela existen numerosas referencias ás escolas unitarias, establecendo, en primeiro lugar, unha

definición para as mesmas e indicando que “serán unitarias as escolas enclavadas en núcleos escolares cuxa densidade de poboación, dentro de un radio máximo de un kilómetro, non supere os 250 habitantes” ( LEP,1945, p.30)

A pesar das referencias ás escolas rurais presentes nesta lei , na lectura da mesma pode observarse como os esforzos levados a cabo para conseguir unha educación gratuíta e de calidade non son os mesmos nas escolas urbanas que nas rurais.

Así, nos artigos 72 e 73 indícase que, mestres que para acceder á función docente nas escolas graduadas será necesario o ingreso mediante oposición, no caso das escolas situadas en aldeas con poboación dispersa poderían encargarse da Educación primaria aquelas personas que, en posesión ou non do título de Mestre, manifestasen desexo e aptitude para o desempeño da función docente na escola rural ( LEP,1945).

## **2.2. Lei xeral de educación de 1970.**

En 1970 apróbbase unha nova lei educativa estando no cargo de Ministro de educación José Luis Villar Palasí. O propio ministro declarou que nun primeiro momento a súa idea era crear unha lei de universidades mais, despois de coñecer a precaria situación que vivía a educación española, especialmente no medio rural, decidiu poñer en marcha un ambicioso proxecto de reestruturación do sistema educativo español (Serrano & Callado, 2015). Pódese dicir, polo tanto, que é a primeira lei de educación primaria que presenta unha serie de medidas que, aínda que non eran exclusivas para o medio rural, si estaban dirixidas en boa medida a el.

O paso previo á aprobación desta lei foi a creación do coñecido como “ Libro Blanco” no que se analizaba a situación da educación en España e se facía unha proposta para adaptar o sistema educativo español ás transformacións sociais da época (Escolano, 2002).

A lei xeral de educación de 1970 estableceu a obrigatoriedade da educación primaria dos 6 aos 14 anos (Escolano, 2002). Ademais, de acordo co modelo de promoción automática defendido pola lei, o alumnado podía obter ao final do seu proceso de escolarización, sempre que esta tivese unha avaliación satisfactoria, o título de graduado escolar. Con todo en moitas ocasións o programa lexislativo foi por un lado e a realidade, por outro (Viñao, 2021).

A gradación escolar tivo un gran impacto nas unitarias rurais debido a que se considerou que non contaban coas infraestructuras e medio necesarios para organizar a EXB. En

consecuencia os alumnos non podían seguir a súa escolarización obrigatoria na escola do propio pobo e eran transportados ás escolas comarcais. Isto provocará unha desaparición de escolas unitarias rurais e aumento do transporte escolar. Con todo, non se logrou eliminar as escolas unitarias por completo a pesar de que si se modificou significativamente o mapa da escola rural tal como se pode observar na “Táboa 1”.

Como advirte Santamaría (2012), “as medidas coas que se pretenderán neutralizar as carencias non só se basearán na consecución dun novo modelo de ruralidade industrializada, que rexeita todos os valores da sociedade rural tradicional e mitifica os da sociedade desenvolvida industrial e urbana”, senón que acabará “recorrendo á escola como factor provocador da desigualdade” (p.9).

### **Táboa 1**

*Evolución do número de unitarias de carácter público.*

Cursos	1967-68	1972-73	1974-75	1982-83	1985-86	1992-93
Unitarias	30804	24963	13485	4418	3700	3401

*Nota: (Santamarina, 2012,p.3)*

### **2.3. Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo ( LOXSE) 1990**

Á caída do franquismo iníciase en España un proceso de democratización política mais o país non modificou estruturalmente o seu sistema educativo ata a reforma de 1990, que buscaba adaptarse á nova realidade social( Cabrera, 2007). Aínda así, ata a aprobación da Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo ( LOXSE) en 1990 leváronse a cabo outras medidas que foron sentando as bases para a futura lei.

En 1978 elaborouse unha nova constitución acordado polas diferentes forzas políticas do país que no seu artigo 27 indicaba o dereito de todos e todas á educación.

Posteriormente en 1979, o goberno asinou os Acordos do Vaticano no que se incorporaba a relixión como materia optativa na educación obrigatoria e outorgáballes a elección do profesorado á Igrexa (Escolano, 2002).

Seis anos máis tarde, en 1985 asínase a Lei Orgánica do Dereito á Educación na que se establecían a división dos diferentes centros escolares en públicos, privados concertados e privados; a creación dos consellos escolares, o establecemento dos criterios de admisión do alumnado...

Posteriormente en 1989 publícase o Libro Branco para a reforma do Sistema Educativo que deu lugar ao anteproxecto de lei no que se plantexaba que a nova lei educativa se basease no principio da ensinanza comprensiva.

Finalmente en 1990 apróbase a Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo ( LOXSE) que substituíu a nivel estrutural á LXE de 1970. Estará inspirada no principio de comprensividade e estruturará o sistema educativo da seguinte maneira: educación infantil de 0 a 6 anos, educación primaria de 6 a 12 anos, educación secundaria obrigatoria de 12 a 16 anos. Desaparece a EXB para dar lugar a dúas etapas obrigatorias diferenciadas: a Educación Primaria e a Educación Secundaria Obrigatoria ( ESO).

Este cambio estrutural volveu a ter un gran impacto nas escolas rurais e nos grupos escolares que comezaron a ver como caía a súa matrícula debido a que o número de etapas impartidas neles se reducían.

Ao mesmo tempo, esta nova organización da ensinanza obrigatoria tamén tivo implicacións no alumnado das escolas rurais pois, a ese primeiro cambio que en 1970 supuxo o peche das escolas unitarias das súas parroquias e o traslado a un centro máis grande situado, por norma xeral, na capitalidade do concello, engadíase con esta nova lei a necesidade de desprazarse ata unha zona urbana na que existise un instituto de educación secundaria para poder rematar a súa formación obrigatoria, medida que tivo un impacto directo no alumnado do medio rural.

#### **2.4. Lexislación posterior á LOXSE**

As leis que se sucederon nos anos posteriores non introduciron cambios que afectasen de xeito substancial á escola rural. Por iso, unicamente farei unha pequena explicación da visión que estas presentan do medio rural seguindo a Santamarina Luna (2014) e tendo como base as propias leis.

A Ley Orgánica 10/2002, de 23 de diciembre, de Calidad de la Educación ( LOCE); a Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación (LOE) e a Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa ( LOMCE) presentan unha visión negativa da escola rural e animan a escolarización do alumnado destas zonas noutros

municipios cercanos con maior número de poboación nos que se poida ofertar unha educación de maior calidad. (Santamaría Luna, 2012)

### **3. Evolución das taxas de escolarización**

As baixas taxas de escolarización existentes ao comezo do réxime franquista pódense xustificar, entre moitos outros, por dous motivos principais: a falta de escolas públicas e de mestres debidamente remunerados.

Neste apartado estudarase a evolución das taxas de escolarización en España así como a súa vinculación co aumento de centros e docentes.

#### **3.1. Alumnos e escolas**

Durante a primeira etapa do franquismo a lei de 1945 establecía a obrigatoriedade do ensino primario entre 6 aos 12 anos (os 14 a partir de 1964). Esta medida mostra a intención que tiña o réxime por conseguir superar as taxas de escolarización de 1940 cando só estaba escolarizada o 51,68% da poboación total (de Gabriel, 1997).

Con todo, o papel subsidiario que adoptou o Estado na construción dos centros escolares favoreceu a creación de centros privados, especialmente dirixidos pola Igrexa, e a escolarización do alumnado neles. Así, en 1975 as escolas privadas chegaron a representar o 37% das escolas totais ( Escolano, 2002, p.177).

A evolución das taxas de escolaridade non foi moi significativa durante o período autárquico do réxime. De feito en 1951 estas taxas situábanse practicamente no mesmo lugar que en 1940.

Esa tendencia mudaría no período de desenvolvemento económico que supuxo a etapa tecnócrata. Así, en 1966 as taxas de escolarización do alumnado entre 6 e 14 anos xa se situaba no 87,8%. Ao mesmo tempo, medraban as escolas que pasaron de 73.106 en 1960 a 106.017 en 1976 ( Escolano, 2002, p.239).

Con todo, a pesar dese aumento das taxas de escolarización e a construción de edificios escolares na segunda etapa do réxime, non se pode falar de escolarización total ata a chegada dos primeiros gobernos democráticos debido á existencia, ata ese momento, dun elevado número de alumnos deficientemente escolarizados, tal e como defende Agustín Escolano Benito(2002).

#### **3.2. Os docentes e a feminización do maxisterio**

O escaso número de docentes debidamente remunerados foi, entre outros factores, un feito que freou o establecemento da total escolaridade ata os primeiros gobernos democráticos. Na Táboa 2 preséntase a evolución do número de mestres entre 1940 e 1986.

## **Táboa 2**

*Número de mestres en escolas públicas*

Ano	Número de mestres en escolas públicas
1940	51.566
1945	53.170
1950	59.917
1955	66.186
1960	75.106
1965	84.294
1970	99.062
1975	115.938
1976	197.706
1978	205.960
1980	211.074
1982	216.047
1984	221.071
1986	221.830

*Nota: (Agustín Escolano Benito, 2002, pp. 177-239)*

Cómpre destacar ademais nesta análise da evolución do número de docentes a diferenza entre o número de mestras e mestres. Entre 1940 e 1970 existe un predominio das mestras fronte aos mestres, unha situación xa herdada dende 1888 cando se lle outorga prioridade ás mulleres nas escolas mixtas pola súa capacidade para impartir formación académica a nenos e de labores a nenas. A Guerra Civil, a represión e o exilio de boa parte do profesorado masculino tamén fixo aumentar considerablemente o número de mestras fronte ao de mestres ( de Gabriel, 2014).

En 1960 prodúcese unha subida dos soldos dos docentes pasando de 3.000 pesetas anuais en 1940 a 16.920 pesetas anuais en 1960 ( Navarro, 1989). Esta situación podería ser un dos motivos polos que se produce o un aumento do número de mestres homes.

Na década dos 90 prodúcese un novo cambio de rumbo e, no ano 2009, as mulleres representaban o 75% do profesorado, o que leva a concluír que persiste o estereotipo de que a función docente é tipicamente feminina ( de Gabriel, 2014) .

#### **4. As construcións escolares**

No período que comprende de 1939 a 1951 non existe un plan de creación de escolas por parte de estado. Isto podería explicarse pola situación de pobreza que atravesaba o país despois da Guerra Civil mais, xa a propia Lei de educación primaria de 1945, establecía no artigo 17 que a labor do Estado sería a de “estimular” a creación de escolas e que a súa intervención na construción de escola sería, en último caso, subsidiaria.( Lázaro Flores, 1975)

Esta situación mudará coa Lei do 22 de decembro de 1953, a primeira norma con rango de lei sobre construcións escolares. Esta recoñecía as carencias que presentaban as construcións escolares do país e poñía de manifesto a necesidade de colaboración de todas as forzas sociais para conseguir mellorar esta situación( Fiaño Sánchez, 2018).

No seu artigo primeiro establecíanse os requisitos mínimos que debería reunir esas escolas e as formas de colaboración municipal:

As escolas públicas nacionais haberán de ser instaladas en edificios de nova planta ou en edificios xa construídos, nos que se realicen as convenientes obras de adaptación. Tanto estas como as novas construcións e a dotación de mobiliario, no seu caso, serán principalmente realizadas mediante a colaboración das Corporacións locais e o Estado. As achegas municipais poderán ser feitas non só en diñeiro senón tamén en especie, mediante materiais, e excepcionalmente, prestacións persoais debidamente evaluadas en harmonía cos orzamentos e réximes de contrata respectivos. Os solares para as novas construcións e para campos de deporte haberán de ser achegados necesariamente polos Municipios, salvo que o sexan por outras entidades ou particulares. Non se poderá aprobar ningún proxecto de nova planta, nin a adaptación de edificios existentes, que non leve previsto cásalas-habitación dos Mestres, salvo o que caso de que xa estivesen construídas adecuadamente na localidade de que se trate ( BOE 358/1953).

En definitiva, a lei establecía tres promotores principais na creación de edificios escolares: o Estado, as xuntas provinciais e os Concellos. Ademais animaba ás empresas asentadas en poboacións con máis de trinta alumnos a construír escolas ( Lázaro Flores, 1975).

O respaldo económico desta lei chegaría en 1956, cunha dotación de 2.500 millóns de pesetas para un plan de cinco anos que, en realidade se desenvolveu entre 1957 e 1963. A previsión de construír un número tan elevado de escolas fixo que o Estado convocara por Orde ministerial do 3 de outubro de 1956 un concurso entre arquitectos españois para crear proxectos-tipo de escolas que permitisen optimizar os materiais e recursos. Finalmente dos setenta e oito proxectos presentados o Estado seleccionou once (Ministerio de educación nacional,1957).

Como resultado da normativa citada así como da inversión realizada, en sete anos construíronse 22.788 escolas e 18.053 vivendas para mestres. ( Lázaro Flores, 1975).

Finalmente cómpre destacar que no período tecnocrático do franquismo tamén se produce un importante aumento de edificios escolares públicos pasando de 73.106 ao comezo do período a 106.017 en 1976. ( Escolano, 2002, pp 239)

## 5. O currículo

As diferentes leis educativas anteriormente citadas foron variando o currículo da educación primaria. A continuación preséntase unha táboa-resumo das principais leis educativas, recollida de Egido Galvez ( 1994).

### Táboa 3

*Materias segundo as leis educativas*

<p><i>LEY DE PRIMARIA (1945)</i></p>	<p><u>Materias instrumentais:</u> Lectura, Expresión gráfica (escritura, redacción y dibujo), Cálculo.</p> <p><u>Materias formativas:</u> Religión, F.E.N. (Formación del Espíritu Nacional, que incluye Geografía e Historia), Lengua nacional, Matemática, Educación física</p> <p><u>Materias complementarias:</u> CC. Naturales, Artísticas (música, canto y dibujo), Utilitarias (trabajos manuales, taller y labores)</p>
<p><i>L.G.E. (1970) 1ª ETAPA DE EGB</i></p>	<p>Lengua Castellana Matemáticas, Conocimiento del mundo social y cultural, Conocimiento del mundo físico, Formación y expresión artística Educación física, deportiva y para la salud, Formación cívico-social, Religión.</p>



<p><i>L.O.G.S.E.</i> (1990)</p>	<p>Lengua y literatura, Lengua propia CCAA Matemáticas, Conocimiento del medio natural social y cultural, Ed. Artística, Ed. Física, Religión (voluntaria), Lengua extranjera (a partir del 2º ciclo).</p>
-------------------------------------	--

*Nota: (Egido, 1994,p.81)*

Se analizamos a táboa podemos observar como foi variando o peso das diferentes materias ao longo das leis educativas dependendo da ideoloxía predominante en cada momento.

Así, en 1945, tiñan un gran peso a formación moral, relixosa e do Espírito Nacional, que se equiparaban a outras como lingua ou matemáticas.

Coa nova lei de 1970 elaborada nunha etapa máis aperturista do réxime, suprimíase esa formación do espírito Nacional e a relixón, aínda que seguía presente no sistema educativo, perdía peso respecto á etapa anterior. Por outra banda, as demais materias continúan sendo practicamente as mesmas.

Porén, en 1990 prodúcese unha rotura máis grande co modelo de materias establecido en 1945. A relixón pasa a ser voluntaria e permítese a ensinanza das linguas cooficiais do Estado.

Con todo, pódese observar que en ningunha das leis existen referencias a algún tipo de formación agropecuaria nas zonas rurais, a pesar de que en 1961 se publicou unha crónica da situación actual do sistema educativo na que se recomendaba a introducción deste tipo de formación en materias como ciencias da natureza.

## **6. A avaliación**

Neste apartado recóllese a evolución da avaliación nas diferentes leis educativas así como os diferentes títulos académicos que se foron establecendo nelas.

### **6.1. Lei de ensinanza primaria de 1945**

No artigo corenta e dous da citada lei ( 1945) establecíase a creación da Cartilla escolar para todo o alumnado. Esta tiña unha triple finalidade pois, ademais da puramente acreditativa, buscaba mellorar a comunicación escola-familia e axudar no cumprimento da ensinanza obrigatoria Con todo, non foi obrigatoria ata 1954 tal e como se establecía na Orde do 1 de xuño de 1954. (Sayavera,2016)

Ademais, recollíase tamén a creación do Certificado de estudos primarios, coa que o alumnado podería acreditar a realización satisfactoria desos estudos e que sería necesario para acceder a certas profesións ou cursar estudos profesionais. Porén, non se estableceu de xeito obrigatorio ata 1956 (Sayavera, 2016)

## **6.2. Lei Xeral de Educación de 1970**

A lei de 1970 introduciu unha serie de novidades neste campo no seu artigo vinte. Segundo este, ao finalizar a EXB o alumnado que cursara con suficiente aproveitamento os diferentes cursos obtería o título de Graduado Escolar. Pola contra, os alumnos que ao rematar a EXB non obtiveran o citado título recibirían o Certificado de escolaridade, que unicamente habilitaría para acceder aos Centros de FP de primeiro grado.

Nesta mesma lei establecíase a necesidade dunha orientación ao alumnado ao término da EXB.

Ademais, na Resolución da Dirección Xeral de Ordenación Educativa pola que se desenvolve a Orde ministerial do 25 de abril de 1975 sobre promoción de curso na Educación Xeral Básica e a obtención do título de Graduado Escolar, establécese que, o alumnado de aqueles Centros autorizados provisionalmente para impartir un ou máis cursos da EXB, deberá realizar as probas para obter o título de EXB no centro completo ou Colexio Nacional ao que estiveran adscritos.

## **6.3. Lei de ordenación xeral do sistema educativo de 1990**

Como xa se citou anteriormente, esta lei supuxo un cambio a nivel estrutural no sistema educativo español establecendo, por primeira vez, a obrigatoriedade dunha das etapas do ensino secundario.

Así, xa non existiría un título ao acabar a educación primaria senón que se outorgaría o título de Graduado en educación secundaria a aquel alumnado que superara de xeito satisfactorio os seis cursos de educación primaria e os catro da educación secundaria obrigatoria.

Ademais, no caso daquel alumnado que non acadase o título xa non existiría o Certificado de escolaridade senón que este foi substituído por un informe do centro no que deberían constar os anos cursados, as materias e as cualificacións das mesmas.

## **7. A escola rural en Galicia.**

Galicia presenta un territorio cunha gran porcentaxe de ruralidade e dispersión, o 50% das entidades singulares de poboación de España se atopan en Galicia (Rozas, 1986). Este é un feito que dificultou a creación dunha rede escolar galega xa que se requería moito máis gasto que nas zonas que presentaban menos dispersión. A pesar de todo a porcentaxe de alfabetización masculina galega foi sempre superior a española. Isto explícase en virtude da existencia dunha rede escolar que son as escolas de ferrado ( de Gabriel, 2001)

Como xa se citou anteriormente, a lei de 1970 supuxo un punto de inflexión no que á escola rural se refire.

O plan estatal deseñado para Galicia considerou,segundo un criterio económico, a concentración escolar como a mellor opción. Defendían que permitiría agrupar ao profesorado, instalacións e equipamentos, reducindo os custos das escolas unitarias ao mesmo tempo que se lle ofertaban servizos de comedor e transporte ao alumnado concentrado (Costa, 1986)

Tal e como indica Antón Costa Rico(1986) seguindo os datos do Instituto de Transportes e Comunicaci3ns, entre 1971 e 1980 foron suprimidas 4.161 unidades escolares en toda Galicia, tratándose fundamentalmente de escolas unitarias e mixtas rurais. Exactamente o 20,03% de todas as suprimidas, no mesmo periodo, en todo o Estado Espa3ol.

Esa tendencia á concentración continuou e acadou cifras superiores coa LOXSE pois, entre o curso escolar 1990-19991 e o 2000- 2001, pasarase de 791 a 385 unitarias das cales s3o continuarían 214 no curso escolar 2011- 2012, a maioría delas dedicadas á Educaci3n Infantil ( Caride, 2014).

Na actualidade, segundo un estudo realizado por CCOO no ano 2018 esta tendencia concentradora continúa. Ademais, no caso concreto de Galicia optouse por suprimir aquelas unidades con menos de seis alumnos sen ter en conta a situaci3n da escola ou as súas posibilidades de crecemento ( CCOO, 2018).Esto deu lugar á agrupaci3n de varios cursos nunha mesma unidade en moitos CEIP rurais que, ata o momento, contaban con unha unidade por cada nivel.

Pese ás polític3s levadas a cabo por parte dos gobernos estatais auton3micos, seguen existindo a día de hoxe en Galicia diversas manifestaci3ns da escola rural. As máis comúns seguindo de novo o citado estudo son as seguintes:

- As unitarias: son centros que reúnen nun único grupo a todo o alumnado, normalmente de educación infantil e, en algúns casos tamén de primeiro e segundo de primaria.

No caso concreto das provincias de Lugo e Ourense existen tamén nas zonas máis interiores centros que agrupan en unha ou dúas unidades a todo o alumnado de educación infantil e primaria. (CCOO, 2018)

- Os CRA: os centros rurais agrupados son unha “estrutura” creada entre as unitarias dun mesmo concello o que permite a existencia de profesorado especialista así como dunha dirección que coordina ao profesorado das diferentes unitarias.

Esta modalidade de centro rural é máis común nas provincias da Coruña e Pontevedra debido ao maior número de poboación nestas zonas, o que permite o seu mantemento. Por este mesmo motivo e tamén pola súa dispersión, non teñen practicamente presenza nas provincias de Lugo e Ourense. (CCOO, 2018)

- Os CEIP con menos de 8 unidades: son centros de educación infantil e primaria, herdeiros dos antigos “ grupos escolares de concentración” que, debido a contar nalgunha das súas aulas con menos de seis alumnos, presentan a agrupación de varios cursos nunha mesma unidade.

### **7.1. Experiencias a favor da escola rural galega.**

Con todo, pese ao comentado anteriormente, existiron en Galicia unha serie de propostas a favor da escola rural como foron a escola agrícola da granxa de Barreiros e Preescolar na Casa ( PNC).

**A escola agrícola da granxa de Barreiros:** Foi un proxecto emprendido por Avelino Pousa Antelo, un mestre formado durante a época da II República e por Antonio Fernández López, un enxeñeiro de camiños e empresario. Ambos compartían a necesidade dun novo estilo de ensino baseado na realidade do entorno e na mellora do mundo rural.

O lugar no que se asentou este proxecto foi en Barreiros, a aldea natal de Antonio Fernández López. Alí puxeron en marcha o seu proxecto, cuxos obxectivos principais foron: ser o punto de encontro da poboación da zona, capacitar ao alumnado para resolver os seus propios problemas e facelos sentir orgulloso da súa cultura e da súa terra e

favorecer o verdadeiro desenvolvemento da personalidade do alumnado ( Pousa Antelo, 1988).

Na escola agrícola da granxa de Barreiros tiñan unha gran importancia as actividades prácticas así como o contacto co medio e cos labregos que o traballaban, sendo estes o punto de partida para a explicación dos diferentes contidos ao longo do ano. ( Pousa Antelo, 1988). O proxecto tivo unha gran repercusión e, co obxectivo de replicar o modelo noutras escolas rurais galegas, a Inspección Provincial de Primeira Ensinanza convocou unha serie de Cursiños de Formación Agropecuaria para mestres do medio rural(de Gabriel,1989). Finalmente no ano 1955 Avelino Pousa Antelo deixou a escola por diferencias co outro fundador e, aínda que a escola seguiu activa, tomou un rumbo diferente. ( Pousa Antelo, 1988).

En definitiva, a escola agrícola da granxa de Barreiros pretendía ser “un centro social no que se tratan os problemas das comunidade, ademais de facer un ensino que verdadeiramente servise aos intereses desa comunidade” (Pousela Antelo, 1988, p.30)

Como indicou o propio Avelino Pousa Antelo(1986) tanto o proxecto da escola como os Cursiños de Formación Agropecuaria tiveron máis de ambición que de rigor científico e pedagóxico (p.74) mais, a pesar desas limitacións, foi un dos ensaios máis serios que se ten feito en Galicia dunha escola que servira ao medio rural ( p.76) e deixou paptente a necesidade de crear unha escola que aínda está por facer (p.74)

Preescolar na Casa: foi un programa impulsado, nos seus inicios, polo sacerdote Antonio Godoy e apoiado por Cáritas Lugo que comezou a súa labor no ano 1977. Este proxecto comezou co obxectivo de atender á dispersión de poboación, que dificultaba o acceso aos servizos no medio rural; reducir o alto índice de retraso escolar que existía en Galicia nesa época e paliar a ausencia dunha educación preescolar no medio rural ( Ferradás & Franco, 2017).

O programa pasou por varias etapas dende a súa fundación ata o pleno desenvolvemento e institucionalización no curso 2001-2002 cando se chegaron a sobrepasar os 5000 familias e 60 orientadores implicados. Con todo, mantivo en gran medida a mesma esencia durante todo ese tempo. Así, pode definirse Preescolar na Casa como:

Unha acción ou programa educativo que ten como obxectivo a educación preescolar dos nenos e nenas rurais galegos que non teñen acceso a unha escola infantil. Nesta educación interveñen, ademais dos nenos, o ambiente e os pais, que son asesorados por un profesor en reunións periódicas, ás que asisten tamén os mesmos nenos ( Ferradás & Franco, 2017, p.341).

Con todo, a falta de apoio por parte da Consellería de Educación e a retirada dos principais patrocinadores fixo desaparecer este proxecto que, segundo Pilar Porta Rodríguez (2007) orientadora do programa preescolar na casa nos cursos 2004-2005 e 2005-2006, permitiu ao profesorado participante aprender das necesidades das familias e abranguer e previr posibles situacións de desavantaxe entre as familias do mundo rural.

## **8. A historia escolar de Cesuras**


Nesta segunda parte do traballo, mostrarase nun exemplo concreto esa evolución da escola rural galega.

A investigación céntrase na historia escolar de Cesuras, un territorio de 2100 habitantes , situado no leste da provincia da Coruña. Linda ao norte cos concellos de Abegondo e Oza dos Ríos; polo leste Abegondo; polo sur con Mesía; e polo oeste cos concellos de Mesía e Abegondo.

Cesuras está constituída por 13 parroquias: Cutián, Carres, Figueredo, Paderne, Loureda, Probados, Filguerira de Traba, Mandaio, Bragade, Dordaño, Borrifáns, Filgueira de Barranca e Trasanquelos.

## Figura 1

Mapa de Cesuras dividido en parroquias



Nota: Tomado de Xosé Fariña Jamardo(1993)

Cesuras foi un concello da provincia da Coruña e pertencente á comarca de Betanzos ata o 6 de xuño de 2013 cando a Xunta de Galicia aprobou o decreto de fusión do concello co de Oza dos Ríos dando lugar ao nacemento dun novo concello: o concello de Oza-Cesuras.

Debido á recente fusión e ao tratarse dunha investigación histórica, na que se fará referencia a anos nos que Cesuras aínda constituía un concello empregárase o termo “Concello de Cesuras” para referirse ao citado territorio.

### 8.1. As escolas unitarias

No ano 1945 había en Cesuras 17 escolas unitarias que pasarían a ser 18 en 1946 coa apertura da escola de nenas de Bragade tal e como se establece no BOE do 2 de febreiro do mesmo ano ( BOE 61/1946).

Estas unitarias estaban repartidas polas 13 parroquias do concello do seguinte xeito:

#### Táboa 4

Relación de unitarias por parroquia

PARROQUIA	ESCOLA/S
-----------	----------

Bragade	Unitaria de nenos de Bragade Unitaria de nenas de Bragade
Borriñans	Unitaria de Rorís Unitaria da Tieira
Carres	Unitaria de Carres
Cutián	Unitaria de Cutián
Dordaño	Unitaria de Dordaño
Figueredo	Unitaria de Figueredo
Filgueira de Barranca	Unitaria de Filgueira de Barranca
Filgueira de Traba	Unitaria de Filgueira de Traba Unitaria de Barral-Filgueira de Traba
Loureda	Unitaria de Loureda
Mandaio	Unitaria de Mandaio
Paderne	Unitaria de Paderne
Probaos	Unitaria de Baraio Unitaria de Probaos
Trasanquelos	Unitaria de Trasanquelos Unitaria do Carballal

No seguinte enlace pódese observar esa distribución no mapa:

[localización das unitarias](#)

Ao tempo que cambiaron as leis educativas estatais e con elas as esixencias e requisitos mínimos das escolas, tamén foron cambiando as localizacións e infraestruturas dos edificios escolares nos que se asentaban as unitarias de Cesuras. E aínda que as características de cada un dos edificios varían unha escola a outra, existen unha serie de aspectos comúns a todas elas.

Nos anos 40 e 50 a falta de construcións escolares públicas fixo que practicamente a totalidade das unitarias de Cesuras pertenceran a particulares aos que o concello arrendaba os edificios para poder empregalos como escolas. Así, das 18 unitarias, nesta etapa unicamente era propiedade do concello a unitaria de Bragade tal e como se recolle no informe da inspección provincial da Coruña de xuño de 1949 depositado no Arquivo do Reino de Galicia. Este feito é un bo reflexo da política de intervención subsidiaria



seguida polo réxime Franquista e pola LEP de 1945 no que a construcións escolares se refire (Lázaro Flores, 1975).

No ano 1953, publícase a primeira norma con rango de lei sobre construcións escolares. Esta recoñecía as carencias que presentaban as construcións escolares do país e poñía de manifesto a necesidade de colaboración de todas as forzas sociais para conseguilo (Fiaño, 2018). Deste xeito, comezan a construírse en Cesuras novas escolas de titularidade pública como son a Unitarias de Traba e Dordaña nos anos 60 e a de Probaos nos anos 70.

Outro aspecto común das escolas é que o propio alumnado era o encargado de manter limpo e coidado o edificio, facendo quendas para realizar esta tarefa os venres pola tarde. A unitaria de Cutián era a única na que existía unha muller encargada da limpeza da mesma.

Finalmente, cómpre destacar que, independentemente de se a escola era de un ou dous pisos esta sempre tiña un espazo acondicionado como vivenda para o mestre ou mestra. Nese espazo adoitaba haber unha habitación, un baño e unha cociña de leña ou de butano xa na década dos 70.

### **A unitaria de Carres**

Aínda que existen testemuñas que recordan o emprazamento da escola unitaria de Carres preto da actual panadería da parroquia (Suxeito 1, 2022), xa no ano 1945 o edificio escolar ao que acudían os nenos e nenas da zona estaba situado a dous minutos da Igrexa parroquial, un lugar de fácil acceso no que se desenvolveron as clases ata o seu peche en 1981.

Tratábase dunha vivenda de pedra de dúas plantas, propiedade dunha particular coñecido como “A Carballala” (Suxeito 1, 2022) á que o Concello pagaba unha renda.

## Figura 2

### *Unitaria de Carres na actualidade*



En canto á aparencia exterior, a escola contaba con dous pisos; ao superior accedíase por unha escaleiras situadas no costado do edificio. O primeiro andar empregábase como aula e o segundo como vivenda para o mestre ou mestra.

A aparencia externa e distribución deste edificio non mudou significativamente co tempo mais si o fixeron as infraestruturas presentes no mesmo.

Así, mentres que no ano 1951 non había baño nin estufa na escola, no ano 1973 xa existían ambos servizos aínda que de xeito moi precario pois a estufa era pequena e só quentaba a fila de diante e o baño era para uso exclusivo do alumnado de 4 e 5 anos ( Suxeito 3 ,2022).

En canto ao número de nenos e nenas que acudían á unitaria existen grandes diferenzas no tempo. Así, mentres que nos anos 50 a cifra se situaba preto dos 60 nenos e nenas, en 1973 non superaba os 30 ( Suxeito 2,2022).

Finalmente cómpre destacar que no ano 1949 Doña Emilia Miguel y Eced, inspectora da denominada Zona 4, na cal se atopaban as unitarias de Cesuras, realizou un informe sobre o estado das escolas no que se atopaban as escolas, clasificándoas en boas, medianas en función das súas infraestruturas. A escola de Carres incluíuse como “boa” nesa clasificación.

### **A unitaria de Barral-Filgueira de Traba**

A escola unitaria de Barral foi a única existente na Parroquia de Filgueira de Traba ata a apertura da “unitaria de Traba” nos anos 60 ( Suxeito 6, 2022). Esta estaba situada na aldea de O Barral, ao lado da capela de San Antonio, nun lugar de difícil acceso

especialmente para os habitantes da parte alta da parroquia que, ademais da longa distancia, debían cruzar un río para acceder á mesma.

Isto facía que a asistencia á escola fose irregular( Suxeito 4, 2022). O edificio no que se impartía escola era unha casa de pedra de planta baixa, propiedade dun particular arrendada polo concello, que estaba dividida en dúas zonas; unha destinada á aula e a outra á vivenda do mestre ou mestra.

### **Figura 3**

#### *Unitaria de Barral na actualidade*



Na década dos 60 construíuse a unitaria de Traba, situada na parte alta da parroquia, preto do concello de Mesía. Esta escola era de titularidade municipal aínda que a veciñanza colaborou tamén na construción da mesma pois os propios terreos foron cedidos por un médico que vivía na parroquia e os veciños con fillos en idade escolar tiveron que ofrecer dous días de traballo gratis para axudar na construción do edificio.

Este é un bo exemplo desa “necesidade de colaboración de todas as forzas sociais” que refería a lei do 22 de decembro de 1953 sobre construcións escolares; é máis, o propio texto recoñecía como lícita que a aportación municipal non fose unicamente económica senón tamén mediante materiais ou prestacións persoais.

Esta nova escola tiña unha estética moi recoñecible, semellante á das outras dúas escolas de titularidade municipal que se construíron en Cesuras durante esa mesma década e a posterior.

No momento da súa inauguración a escola aínda non estaba rematada e o alumnado conviviu durante seis anos cos albaneis que realizaban as labores de mellora do edificio ( Suxeito 6,2022). Con todo, a nova escola da parroquia contaba con novas infraestruturas das que a do Barral carecía.

#### **Figura 4**

##### *Unitaria de Traba na actualidade*



Así, ademais de estar ben illada termicamente e de contar con dúas plantas diferenciadas, a de arriba para a vivenda e a de abaixo para a escola; o novo edificio tiña tamén estufas e servizos diferenciados para nenos e nenas.

En canto ao número de nenos e nenas que acudían á unitaria non existen grandes diferenzas no tempo pois nunca se superaron os 20 alumnos ( Suxeito 4 e Suxeito 5, 2022).

Cómpre destacar ademais que na unitaria de Filgueira de Traba impartíase o que os habitantes do concello denominaban “ escola de noite”. Eran clases pagadas que a mestra impartían en horario de tarde ( de seis a oito normalmente) e estaban orientadas a aqueles alumnos que por idade non podían continuar na unitaria así como para os analfabetos.

#### **Unitaria de cutián**

Aínda que nun primeiro momento existiu a intención de construír entre todos os veciños unha escola na aldea das Chas, finalmente a falta de acordo fixo que un particular construíse o edificio escolar na aldea de Seixeda, ao lado da súa propia vivenda ( Suxeito 10,2022).

No ano 1939 a escola tiña aínda un só piso, no que se desenvolvían as clases mais, uns anos despois arranxouse un segundo piso dedicándoo á vivenda da mestra.

### **Figura 5**

*Unitaria de Cutián antes de ser restaurada*



É posible que este cambio estivera motivado pola lei do 22 de decembro de 1953 sobre construcións escolares, que obrigaba a todas as escolas, particulares ou de titularidade municipal, a contar cunha vivenda para os mestres ou mestras, sendo a súa ausencia motivo para a desaprobação do mesmo como edificio escolar.

En canto aos servizos básicos, estes foron moi precarios ao longo de todo o tempo que estivo activa a escola( Suxeito 9, 2022)

e, posiblemente este fose un dos motivos polos que foi clasificada como “mala” no informe sobre o estado das escolas emitido no ano 1949.

### **Unitaria de Rorís**

A escola unitaria de Rorís foi unha das dúas escolas unitarias que, de xeito simultáneo, existiron na parroquia de Borrifáns e que permaneceu en funcionamento ata o ano 1981, cando se inaugurou o Grupo Escolar.

Situada na aldea da que tomou o nome, esta escola que aínda se mantén sen ningún tipo de restauración(Suxeito 12, 2022), presenta un tamaño maior ás do resto do concello.

### **Figura 6**

#### *Unitaria de Rorís na actualidade*



O edificio escolar estaba construído en pedra e, aínda que inicialmente o chan era de terra, nos anos 50 completouse con madeira( Suxeito 14, 2022).

A escola estaba dividida en dous pisos; no primeiro deles a parte esquerda adicábase á aula e a parte dereita, equipada con lareira, fregadeiro e forno era a cociña da mestra.

No segundo piso, aínda que durante anos contou con camas para a mestra, xa nos anos 70 a falta de uso por parte das mesmas fixo que ese segundo andar se convertese nun lugar de almacenaxe. ( Suxeito 11, 2022).

Tendo en conta estas características estruturais a unitaria de Rorís foi catalogada como “mediana” no informe sobre o estado das escolas emitido no ano 1949.

Finalmente, en canto ao alumnado, posto que existía outra escola na mesma parroquia o número de alumnos non superou aos 30 ( Suxeito 13, 2022). Cómpre destacar ademais que nesta unitaria tamén se impartía “escola de noite” para os analfabetos.

### **Unitaria da Tieira**

A unitaria da Tieira, ao igual que a de Rorís, estaba situada na parroquia de Borrifáns.

Era unha casa particular de pedra con ventás de madeira mal illadas ( Suxeito 15,2022) que contaba cunha única planta na que se situaba a aula.

En canto aos servizos, únicamente contaba con unha estufa pequena situada preto da mesa do mestre ou mestra.

A historia desta unitaria foi máis curta que a da outra escola da mesma parroquia pois en 1976, segundo se establece no BOE número 40 do 16 de febreiro dese mesmo ano, a unitaria da Tieira foi suprimida. O alumnado desta unitaria foi derivando ao Grupo escolar de Curtis, situado a uns corenta minutos a pé da mesma( Suxeito 16, 2022).

### **Unitaria de Figueredo**

A escola unitaria de Figueredo foi a única activa nesta parroquia. Estaba situada preto da actual Igrexa e, ao igual que a maioría de escolas do Concello, pertencía a un particular. Coa peculiaridade de que neste caso, os propios donos da casa vivían na planta de arriba, ao mesmo tempo que a plante de abaixo se destinaba á escola.

Tal e como recorda unha ex alumna da mesma, a escola era fría e estaba mal illada ( Suxeito 17, 2022), pode que fose ese un dos motivos polo que unitaria foi cualificada como “mala” no informe sobre o estado das escolas emitido no ano 1949.

Ao igual que a unitaria da Tieira a de Figueredo foi suprimida tamén no ano 1976. Debido ao reducido número de nenos que quedaban na parroquia e estes foron reubicados na escola de Carres (Suxeito 3, 2022).

### **Unitaria de Bragade**

A unitaria de Bragade é a única que sempre foi propiedade do Concello, pois esta estaba situada na planta baixa da casa consistorial.

Con todo, a pesar de atoparse no mesmo edificio que o Concello, presentaba tamén deficiencias, especialmente no relativo ao illamento do chan e das ventás, o que o facía un lugar frío e húmido ( Suxeito 18, 2022).

Ata o ano 1946 a unitaria de Bragade era mixta, mais o BOE do 2 marzo de 1946 estableceu a creación dunha unitaria de nenas en Bragade, transformándose a mixta nunha de nenos. Isto era algo moi común nas zonas rurais galegas pois adoitaba existir unha escola de nenos e unha de nenas na cabeceira do concello e varias escolas incompletas de asistencia mixta no resto de parroquias.

Con todo, a falta de alumnado fixo que cara os anos 70 se lle dese un novo uso a estas instalacións, empregando a escola de nenas para os cursos inferiores e a de nenos para os superiores ( Suxeito 19, 2022).



## **Figura 7**

### *Unitaria de Cesuras na actualidade*



Isto levantou as sospeitas da inspección que solicitou en numerosas ocasións unha relación detallada e real dos alumnos e alumnas que había en cada unha das escolas ( ver Anexo 2) .

Finalmente, segundo se establece no BOE número 185 do 3 de agosto de 1976, a unitaria de nenas foi suprimida, volvendo a transformarse a de nenos nunha unitaria mixta.

Finalmente a unitaria mixta foi suprimida por orde ministerial cando se inaugurou o Grupo escolar.

---

#### UNITARIA DE PADERNE

A unitaria de Paderne foi a única existente na parroquia cando menos dende os anos 50 ata a inauguración do Grupo escolar no ano 1981. Era unha casa particular, pequena e de dous andares que contaba cun aula na planta de abaixo e con vivenda para a mestra na planta de arriba. Tiña ademais unha zona grande para xogar pola parte de diante e cun pequeno xardín pola parte de atrás ( Suxeito 27, 2022).

Ao tratarse da única escola existente nunha parroquia das dimensións de Paderne, o número de alumnos que asistía era elevado e chegou a superar os 40 ( Suxeito 28, 2022). Ademais, durante os anos 50 impartíronse nela clases da coñecida como “ escola de noite”.



**Figura 8**

*Unitaria de Paderne na actualidade*



### **Unitaria de Trasanquelos**

Na parroquia de Trasanquelos conviviron ata a inauguración do Grupo escolar dúas unitarias. Unha delas é a unitaria de Trasanquelos, unha casa particular que estaba situada preto do actual campo da festa.

**Figura 9**

*Unitaria de Trasanquelos na actualidade*



A escola tiña unha soa planta na que se atopaba a aula e un pequeno habitáculo exterior empregado como servizo( Suxeito 26, 2022). Neste caso o edificio da escola non contaba con vivenda para o mestre polo que adoitaban vivir arrendados nunha casa próxima á mesma ( Suxeito 25, 2022).

O edificio atopábase deteriorado e existían buracos no propio chan de madeira, os cales a mestra empregaba para facer lume. Pode que as condicións que se veñen de describir

xunto coa falta dunha vivenda para o mestre fixeran que no informe da inspección de 1949 a unitaria fose recoñecida como “mediana”.

En canto ao alumnado, debido ás dimensións da parroquia, esta unitaria chegou a acoller máis de corenta alumnos.

### **Unitaria do Carballal**

Ao igual que a anterior a unitaria do Carballal tamén estaba situada na parroquia de Trasanquelos. Neste caso a escola estaba situada dentro da propiedade dunha familia adiñeirada da zona que a construíu. Con todo, esta escola tampouco contaba con vivenda para o mestre ou mestra e foi, ao igual que a anterior, recoñecida como unha escola “mediana” en canto ao que ás súas características de calidade se refire.

Aínda así, esta unitaria permaneceu activa ata a apertura do Grupo escolar de Cesuras en 1981.

### **Unitaria de Dordaño**

A escola unitaria de Dordaño estivo situada durante anos na aldea de O Cal, nunha vivenda familiar compartida coa aula escolar e coa casa da mestra.

Nesta unitaria ademais das clases para os nenos e nenas da parroquia, tamén tiveron lugar as coñecidas pola veciñanza como “clases de noite” destinadas a aquelas persoas que xa non estaban en idade de escolarización pero carecían dunha formación básica (Suxeito 29, 2022).

A casa que acolleu a escola durante décadas foi substituída nos anos 60 por unha nova edificación, esta vez de titularidade municipal, situada ao lado da Igrexa Parroquial.

Esta nova escola presentaba unha estética similar ás construídas na mesma década en Filgueira de Traba e Filgueira de Barranca e, ao igual que as anteriores, deixou de empregarse como escola no ano 1981. Na actualidade está ben conservada e ten funcións de local social.

**Figura 10**

*Unitaria nova de Dordaño na actualidade*



**Figura 11**

*Unitaria antiga de Dordaño na actualidade*



### **Unitaria de Baraio**

A unitaria de Baraio inaugurouse na década dos 60, ata ese momento o alumnado acudía a unha escola de Indianos que había en Rilo, construída por un veciño emigrado a América( Suxeito 23, 2022).

A nova escola de Baraio asentouse nuns terreos cedidos por un veciño da zona mais os custos de construción correron a cargo do Concello.

O edificio tiña unha planta baixa que se empregaba como aula e unha planta alta na que estaba situada a vivenda da mestra ( Suxeito 22, 2022)

Cómpre destacar que na escola había luz, unha estufa de gas e servizos, aínda que estes últimos non se podían empregar debido á falta de auga ( Suxeito 21, 2022)

Na actualidade o entorno da escola emprégase como campo da festa e, a escasos metros do lugar no que se asentaba, atópase un local social construído despois da eliminación da mesma.

### **Unitaria de Rilo**

A primeira escola unitaria de Rilo foi a construída por un veciño emigrado a América. Era unha escola alargada, dunha única planta que se atopaba dividida en dúas seccións, unha dedicada á aula e outra á vivenda da mestra.

Esta escola estivo activa ata os anos 70 cando o Concello construíu un novo edificio de planta baixa con mellores servizos e que substituíu esa antiga escola de Indianos que se atopaba profundamente deteriorada ( Suxeito 24, 2022).

### **Figura 12**

*Unitaria nova de Rilo na actualidade*



A nova unitaria foi a única que permaneceu activa despois da apertura do grupo escolar e, ata a década dos 90, estivo en activo como escola de infantil e primeiro e segundo curso de EXB.

Na actualidade o edificio está reformado e, aínda que conta con un certo deterioro derivado da falta de mantemento, atópase en bo estado e emprégase como local social.

### **Unitaria de Mandaio**

A unitaria de Mandaio estaba situada preto do campo da festa, nunha casa de dúas plantas na que unicamente a de arriba se empregaba como aula ( Suxeito 7, 2022).

Este edificio era de titularidade privada e, ao igual que a maioría de unitarias de Cesuras, tampouco contaba con servizos de auga e calefacción ( Suxeito 8, 2022). A escola unitaria de Mandaio pechou tamén no ano 1981.

### **Unitaria de Filgueira de Barranca**

Na parroquia de Filgueira de Barranca houbo dúas escolas unitarias aínda que estas non estiveron activas ao mesmo tempo ( Suxeito 30, 2022).

Ata o ano 1966 a escola unitaria de Barranca estaba situada a escasos metros do actual campo da festa, e pegada ao que hoxe é a estrada xeral que une Cesuras e Curtis ( Suxeito 31, 2022).

**Figura 13**

*Unitaria antiga de Barranca na actualidade.*



Este edificio pertencía a un particular e estaba dividido en dúas plantas dedicadas á escola e á vivenda da mestra.

Posteriormente construíuse a nova escola de titularidade municipal, coñecida pola veciñanza como “ a escola de arriba” debido ao seu emprazamento nunha zona máis elevada cuxos terreos foron cedidos por un veciño ( Suxeito 30, 2022).

**Figura 14**

*Unitaria antiga de Barranca na actualidade.*



No momento da súa inauguración no ano 1966 o edificio escolar estaba completamente acondicionado a nivel construtivo mais non estaba equipado co mobiliario necesario. Por este motivo, cada alumno e alumna debeu elaborar na casa o seu propio pupitre ( Suxeito 30, 2022).

A escola cerrou no curso 1981-1982 coa apertura do grupo escolar mais na actualidade emprégase como local social.

### **Unitaria de Loureda**

A primeira escola unitaria da parroquia estaba situada no Coto de Loureda( Suxeito 32, 2022). Na planta superior do edificio convivían a propia aula, unha vivenda para a mestra e unha vivenda familiar. Pola súa banda, a planta de abaixo empregábase como cuadra para as vacas( Suxeito 33, 2022).

**Figura 15**

*Unitaria antiga de Loureda na actualidade.*



Posteriormente na década dos 60 o concello construíu unha nova escola na Torre ( Suxeito 34, 2022).Este novo edificio era de uso exclusivo da escola e contaba con dúas plantas dedicadas á aula e á vivenda da mestra.

Finalmente a nova construción tirouse despois de que no ano 1981 deixase de empregarse como escola.



## 8.2. Recursos e materiais didácticos

Co paso do tempo e das reformas educativas os recursos e materiais didácticos existentes nas escolas unitarias de Cesuras foron mudando, observándose un cambio substancial entre o empregado por aquel alumnado escolarizado coa LEP de 1945 e o escolarizado coa LXE de 1970.

Ata a década dos 70 as aulas das unitarias de Cesuras presentaban unha estética común baseada nunha serie de elementos definitorios que configuraban o espazo de aprendizaxe. O tipo de pupitre máis entendido era unha mesa inclinada para dous alumnos que contaban con tinteiro integrado na mesma. Ditos pupitres estaban situados xeralmente en dous bloques separados por un corredor que, en ocasións, servía como elemento para segregar nenos e nenas.

Na fronte da aula situábanse un ou dous encerados a mesa da mestra, un mapa de España, un globo terráqueo, un crucifixo e o retrato de Franco.

Tamén era moi común a existencia dunha librería con dicionarios e outros libros de consulta que, xeralmente, empregaba a mestra.

Con todo, este modelo de aula comezou a mudar a partir LXE de 1970 cando se modernizou o mobiliario adaptándoo ás novas necesidades educativas.

Así, aínda que a distribución continuou sendo a mesma, cambiáronse os antigos pupitres por uns individuais máis semellantes aos empregados na actualidade.

Ademais da propia distribución da aula, cómpre destacar que o material didáctico empregado polo alumnado tamén viviu unha evolución, notándose de novo un gran cambio entre o empregado polo alumnado escolarizado antes e despois da LXE de 1970.

Nas décadas que seguiron á aprobación da Lei de Educación Primaria de 1945 o alumnado contaba con un único libro que denominaban “a enciclopedia” no que se recollían todas as materias do curso. Ademais, co obxectivo de traballar a lectura posuían un pequeno libro con textos variados denominado “o manuscrito”.

Outro material fundamental nas aulas era “o catecismo” e o libro de “historia sagrada” pois neles recollíanse os saberes considerados fundamentais para a formación do espírito Católico.

En canto aos materiais empregados para a escritura, aínda que contaban con algunhas libretas nas que escribían con pluma, o elemento máis común para facer exercicios escritos eran o pizarrillo e o xiz.

Coa entrada en vigor da LXE de 1970 tamén estes materiais empregados polo alumnado viviron modificacións. Pasouse de empregar un libro que recollía todas as materias a ter un libro por materia e unha libreta na que se escribía con lapis e bolígrafo e ademais, contaban con cores, regras, tesoiras compás...

En definitiva, empregaban uns materiais máis semellantes aos que se atopan actualmente nas aulas de primaria.

No anexo 3 pódense observar algúns exemplares cedidos polo Suxeito 1 e o Suxeito 12.

### **8.3. Métodos pedagóxicos e didácticos**

A metodoloxía pode definirse como o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos propostos ( Lei orgánica 3/2020).

O método de ensinanza estaba en gran medida determinado pola presenza de diferentes idades nunha mesma aula, pois as mestras e mestres debían repartir as horas lectivas entre os diferentes cursos.

Por este motivo aínda que adoitaban facer pequenas explicacións para cada unha das idades, destacaba o traballo individual por parte do alumnado ao que, posteriormente se lle corruxían as tarefas.

Cómpre destacar que durante o tempo que estivo vixente a LEP de 1945, era moi común que o alumnado máis avantaxado, é dicir, aquel que xa sabía ler, escribir e as catro regras axudara a aqueles de niveles inferiores. Con todo, esta práctica comezou a mudar coa entrada en vigor da LXE de 1970 e as novas esixencias de contidos da mesma.

Outro elemento destacable eran os rituais empregados á entrada e saída da aula. Á entrada o alumnado dirixíase á mestra cun “ buenos días tenga usted” para posteriormente rezar o “Padre Nuestro” e o “Dios te salve María”. O mesmo acontecía á saída cando o alumnado debía despedirse dicindo “ usted lo pase bien”.



A LEP de 1945 resaltaba a importancia da disciplina como elemento fundamental da metodoloxía do réxime e apoiaba o emprego de castigos físicos ou verbais sempre que estes non supuxesen unha humillación grave para o alumnado.

Con todo, esa limitación non se cumpría realmente e moitos alumnos e alumnas recordan que esas prácticas docentes eran continuadas e cun fin xeralmente intimidatorio. Pola contra, non se empregaban métodos de recompensa pois a propia recompensa era evitar o castigo físico ( Suxeito 28, 2022).

As palizas por parte dos docentes eran continuadas e non só por motivos de comportamento senón que tamén eran comúns os castigos a aquel alumnado que tiña dificultades de aprendizaxe (Suxeito 15, 2022). Destacaba uso de varas, nalgúns casos facilitadas polas propias familias, para pegar con elas nas mans ou na cabeza.

Así recordaba o Suxeito 15( 2022) unha das súas experiencias con este tipo de castigo físico:

“ Eu o primeiro día que cheguei á escola vin como ao meu compañeiro de mesa lle partiron unha vara na cabeza por estar mirando para atrás... facían que fomos atemorizados á escola”.

Neste mesmo sentido o Suxeito 32( 2022) recoñecía non poder esquecer o son que o seu mestre facía coa vara contra as súas botas de coiro para asustar ao alumnado cando había certo ruído.

Mais ese non era o único método estendido polas escolas da zona, destaca pola súa crueldade o relatado polo Suxeito 16:

“ Eu tiña un mestre que nos poñía un xiz na punta da lingua e tiñamos que aguantalo. Se nos caía ao chan dábanos coa vara na cabeza e tiñamos que volver a comezar”.

Esta situación comezou a mudar pouco a pouco coa entrada en vigor da nova lei educativa e coa incorporación de docentes con maior formación pedagóxica ( Suxeito 15, 2022).

Mais estas prácticas non se eliminaron completamente e continuaron sendo frecuentes incluso no novo grupo escolar ( Suxeito 27, 2022).

#### **8.4. As materias escolares**

Aínda que as propias leis educativas establecían as materias que debían impartirse en cada unha das etapas, cómpre destacar que as características especiais das unitarias condicionaban en certa medida os contidos que se impartían nelas.

Así, a pesar de que xa a LEP de 1945 recollía materias de arte e educación física, estas non se impartiron nas unitarias de Cesuras en ningún momento.

En consecuencia dábaselle máis peso a outras materias, especialmente a todos aqueles contidos relacionados coa relixión. Así, o alumnado estudaba catecismo, historia sagrada e o rosario e eran comúns as visitas do cura á escola para comprobar as aprendizaxes.

Neste mesmo eido tamén se lle daba moita importancia aos valores relacionados coa Igrexa e a familia.

Pódese observar, a través dos comentarios realizados polo alumnado cando se falaba do peso da relixión nas aulas, que estas imposicións relixiosas e sociais provocaron no alumnado un certo rexeitamento das mesmas a longo prazo.

Pero ademais da relixión destacan tamén, pola importancia que se lles outorgaba, materias como lingua, matemáticas e xeografía.

Finalmente cómpre destacar que, incluso coa LXE vixente, materias como ciencias da natureza, debuxo técnico, francés, física e química non se traballaban nas aulas, entre outros motivos, pola falta de formación dos docentes.

#### **8.5. Sistemas de avaliación e control da asistencia**

A LEP de 1945 establecía por primeira vez no artigo corenta e dous a creación da Cartilla escolar para todo o alumnado na que se reflectirían as notas acadadas en cada unha das materias. Con todo, a difusión desa cartilla de escolaridade non se fixo efectiva ata 1954 tal e como se establecía na Orde do 1 de xuño de 1954.

A pesar de que existía un rexistro de notas, incluso coa LXE en vigor, non era moi común que se realizasen exames nas escolas unitarias de Cesuras. Tal e como relataba o Suxeito 15 (2022) só tiñan exames ao acabar o curso pero era común que a mestra lles preguntara a lección todas as semanas e lles corrixiran algún exercicio.

Outro aspecto que indicaba a LEP de 1945 no seu capítulo segundo era a obrigatoriedade de asistencia do alumnado á escola.

Así, aínda que os docentes das unitarias contaban con rexistros de asistencia, era moi común que o alumnado acudise á escola de xeito irregular debido, na maioría de ocasión, ás esixencias de traballo do campo.

Así o relataba o Suxeito 4 ( 2022) : “ Iamos á escola cando chovía, porque era cando non se podía traballar fóra. Pero tampouco podía chover moito porque nin paraugas había e sendo tan pequenos e estando a escola tan lonxe non nos deixaban ir. Pero eu aínda fun algo, había xente que non ía nada á escola”.

Tamén o Suxeito 9 ( 2022) recordaba esa falta de control da asistencia “Se ías ben e se non ías tamén Eu ás veces tiña que saír dúas horas antes para poder vir botar as vacas e non pasaba nada”.

### **8.6. Segregación por sexo**

Como se comentou anteriormente, todas as unitarias de Cesuras eran mixtas a excepción das de Bragade. Con todo, a pesar de denominarse mixtas, na práctica non sempre cumprían esa premisa.

Era común que a aula estivese dividida en dous bloques de pupitres, un para os nenos e outro para as nenas, separados por un corredor. Ademais, en moitas ocasións non se permitía que os nenos e nenas xogasen xuntos, supoñendo isto unha falta grave.

Mais cómpre destacar que a presenza ou ausencia desa segregación por sexo dependía do mestre ou mestra que estivera a cargo da unitaria.

### **8.7. A mestra**

A gran maioría das unitarias de Cesuras estaban ao cargo de mestras pois, de todos os entrevistados, soamente dous citaron que nalgún momento tiveran un mestre home.

A idade das mestras e a seu estado civil era diverso ao igual que o era o seu lugar de procedencia. Mentres que algunhas, como a mestra de Rorís, eran naturais da propia aldea, outras debían desprazarse dende diferentes concellos.

A falta de comunicacións facía que fose moi común que a docente permanecera durante a semana na vivenda da escola

Cando se trataba de mestras solteiras, estas vivían soas ou con seus pais. Tamén era común que, aquelas mestras que eran nais, tiveran nesa vivenda aos seus fillos que tamén acudían como alumnos ás unitarias .

Debido a que a mestra permanecía durante a semana na parroquia, existía unha relación de familiaridade cos veciños e veciñas da zona. Así, era moitos os entrevistados que recordaban á mestra ceando na súa casa e pasando tempo de lecer coas súas familias.

(Suxeito 12, 2022).

Neste mesmo sentido recordaban como frecuentemente a mestra recibía queixos, chourizos, pan, ovos e patacas por parte das familias, moitas veces co fin de conseguir unha maior atención para os seus fillos e fillas.

Cómpre destacar que todos os entrevistados que acudiron á escola nas décadas posteriores á Guerra Civil recordan a precariedade na que vivían as mestras, con salarios moi baixos que moitas veces non lles chegaban para mercar alimentos. Gran parte deles mencionaban que por ese motivo era moi común escoitar a frase “ pasas máis fame que un mestre de escola”.

Finalmente, un aspecto relevante que destacaron a maioría de alumnos que estudaron coa LEP de 1945 ao falar dos seus mestres e mestras é a falta de formación que estes tiñan, chegando a afirmar que naquel momento era mestre calquera( Suxeito 32, 2022). Con todo, esta situación foi mudando coa implantación da seguinte lei educativa e as súas novas esixencias na formación do profesorado.

### **8.8.O alumnado**

O alumnado que acudía ás unitarias de Cesuras era maioritariamente da propia parroquia, fillos de labregos, de familia numerosa e dun nivel socio-económico baixo.

Neste sentido Suxeito 32 (2022) recordaba como asistían á escola con roupa de traballo e botas de goma manchadas de terra, e o Suxeito 4( 2022) destacaba a falta de paraugas, que eran substituídos por sacos, para evitar mollarse de camiño á escola os días de auga.

Adoitaban acudir por primeira vez á unitaria con seis ou sete anos mais era común que non foran con frecuencia e que abandonaran antes da idade legalmente establecida, normalmente por decisión da familia.

Ao tratarse dunha zona na que a maioría da poboación se dedicaba á agricultura e gandaría, era moi común que os nenos e nenas tiveran que axudar con ese traballo na casa e moitas veces esa necesidade de man de obra era o motivo polo que as familias decidían retirar da escola aos seus fillos.

A totalidade dos entrevistados recorda con tristeza o momento de ter que deixar a escola pois, como afirmou o Suxeito 1( 2022 )cando estaban no mellor da vida e máis lles gustaba aprender, non lles deixaban seguir estudando.

Neste senso cómpre destacar o testemuño do suxeito da Suxeito 10 á que, por ser muller, a súa familia lle prohibiu seguir estudando, a pesar da súa paixón por aprender.

Recordaba ademais como, unha vez a súa familia a sacou da escola, a mestra lle regalou libros que ela lía ás agochadas, debaixo da cama para evitar que a visen e llos retirasen.

En xeral, o alumnado das unitarias de Cesuras non continuaba estudando unha vez que completaba a formación que podía adquirir nestas. Soamente en casos excepcionais continuaban os seus estudos en Betanzos ou Curtis.

O máis común era que unha vez rematada esta etapa comezaran a traballar nas explotacións familiares ou que foran aprender un oficio con algún veciño da parroquia que, a cambio da man de obra gratuíta, lles ensinaba de xeito práctico o necesario para poder exercer.

### **8.9.A calidade educativa das escolas unitarias**

A calidade educativa das unitaria e a súa suposta incapacidade para adaptarse ás esixencias da LXE de 1970 fixeron que estas foran suprimidas.

Con todo, cómpre destacar que a pesar das súas carencias, as unitarias e os seus docentes cumpriron unha importantísima labor no proceso de alfabetización da poboación de Cesuras e foron durante anos un piar social e cultural nas parroquias.

Por este motivo, a súa supresión, ademais de supoñer un profundo cambio na vida dos nenos e nenas, colaborou na desaparición da identidade parroquial.

## **9. O Centro de EXB**

O 7 de xuño de 1976 celebrouse unha sesión extraordinaria de pleno na cal , todos os asistentes declararon a necesidade e urxencia da creación dun grupo escolar en Cesuras. Alegaban que as escolas unitarias existentes non reunían nin polos seus locais nin por outra serie de circunstancias as condicións mínimas para unha adecuada Ensinanza Xeral

Básica, fundamento imprescindible para a elevación cultural e educativa da poboación escolar.

Ademais, indicábase nesta mesma sesión de pleno que o concello xa contaba cos terreos necesarios para a construción así como cunha dotación económica de 1.000.000 de pesetas, das cales 700.000 foran facilitadas pola Deputación da Coruña.

Con todo, a pesar das peticións realizadas dende o concello, non foi ata o curso 1981-1982 cando o “Colexio Público Bragad” abriu as súas portas.

Nese primeiro curso matriculáronse no centro, segundo se establece no libro de matrículas, 272 alumnos e alumnos procedentes, na súa maioría, das unitarias.

### **9.1. Da unitaria ao centro escolar**

Como xa se comentou anteriormente todas as unitarias de Cesuras, excepto a de Rilo que continuou como unitaria para infantil e primeiro e segundo de EXB ata 1995, pecharon no momento no que se abriu o grupo escolar.

Cómpre destacar que non existiu unha contestación social en contra do peche das mesmas xa que se consideraba que a apertura dese centro supoñería unha mellora na calidade do ensino e dos servizos que recibirían os e as estudantes. Tampouco os mestres das unitarias presentaron a súa oposición ao peche das mesmas, posiblemente porque ao suprimirse a súa praza, podían escoller de primeiros o seu próximo destino como docentes.

Este feito fixo que moitos estudantes que ata ese momento estiveran sempre escolarizados en unitarias próximas á súa aldea tiveran que cambiar de centro para un moito máis grande e a maior distancia.

Con todo, a maioría dos alumnos entrevistados que viviron este cambio considerárono como positivo pois, a pesar de que a distancia fora maior e tiveran que acudir ao centro en autobús, opinan que o novo grupo escolar lles ofrecía oportunidades e recursos que nunca antes tiveran. Así o relataba o Suxeito 27:

Ao principio estabas un pouco asustado, eran moitos nenos e tiñas reparo en saber como sería iso porque as cousas novas sempre impoñen. A min ao principio sorprendeume o comedor porque nos daban puré, lentellas, pasta, iogures... comidas que antes aquí non se coñecían. Pero despois eu estiven moi ben, facías novas amizades, xa tiñas unha profesora para cada materia e iso axudábanos a aprender. ( Suxeito 27, 2022)

Soamente o suxeito 22 presentou unha actitude crítica á concentración escolar:

Eu recórdoo mal, foi un cambio moi grande. Pasamos de ser 30 en toda a escola, grandes e pequenos mesturados a ser 30 xa só nunha clase. Ademais a unitaria era moito máis familiar, a min encantárame que os meus fillos tiveran a oportunidade de estudar na unitaria polo menos mentres eran máis pequenos.

Eu solo teño boas palabras para as escolas unitarias, estabas con xente de varias idades, xogabas con todos, mesturábaste con todos... despois xa non era igual. Ademais a pesar de que no centro había un profesor para cada materia eu recordo que aprendía máis na unitaria, para min foi a mellor etapa da miña vida ( Suxeito 22).

Ese desprazamento cara un núcleo máis grande provocado pola LXE viuse agravado coa promulgación da LOXE.

A pesar de que existiron protestas por parte das familias, do Concello e do centro alegando o esforzo que a poboación de Cesuras fixera xa durante a concentración escolar, rexeitouse a proposta de creación dun centro de Educación Secundaria Obrigatoria para Cesuras e, a partir de setembro de 1996, o alumnado do centro tivo que desprazarse ata Betanzos para realizar esta etapa.

Así, aínda na actualidade o Concello de Oza-Cesuras é o único da contorna que non dispón dun centro no que desenvolver a etapa da ESO.

## **9.2.As infraestruturas e recursos**

No momento da súa inauguración o hoxe CEIP da localidade eramoi diferente a como se presenta na actualidade.

O centro contaba con un único edificio no que todas as dependencias, incluídas a biblioteca e o laboratorio, era empregadas como aulas debido á escaseza das mesmas e ao elevado número de alumnos que se atopaba preto dos 40 por aula( Suxeito 35, 2022). Soamente había a maiores un pequeno comedor, a dirección e unha sala de mestres e mestras sen amoblar.

En canto ao mobiliario, recursos e materiais didácticos existentes, nos primeiros anos estes eran moi precarios, de feito moitos dos que estaban destinados ao centro nunca

chegaron xa que se confundiu o colexio de Cesuras co de Pontecesures( Suxeito 35, 2022).

Ademais as mesas non estaban adaptadas ás diferentes idades e o alumnado de octavo de EXB en ocasións non entraba nas cadeiras ( Suxeito 35, 2022).

No referido ao patio escolar, este contaba cunha serie de deficiencias que cómpre destacar ademais da propia falta de infraestruturas para o xogo. Próxima ao centro estaba situada unha granxa de vacas, cuxos vertidos ían parar ao patio escolar, provocando inundacións do terreo. Ademais, existía un cable da luz que cruzaba dun lado do patio a outro e que os nenos e nenas tiñan que esquivar cando xogaban.

Cómpre destacar que nos primeiros anos de vida do centro unicamente había tres autobuses que facían rutas de unha hora e doblaxe de turnos. Posteriormente conseguiu-se unha mellora no transporte escolar, cuxos traxectos non duraban máis de corenta minutos, con sete autobuses e un taxi que facían unicamente unha ruta de ida e unha de volta pola tarde xa que todo o alumnado se quedaban ao comedor escolar ( Suxeito 35, 2022).

### **9.3. A evolución da matrícula**


A caída da natalidade, o éxodo rural e as modificacións legislativas en canto aos cursos que o alumnado podía permanecer no centro, provocaron unha caída paulatina da matrícula.

Así, mentres que nos anos 80 o número de novas matrículas cada ano se situaba entre as 30 e 40, para finais da seguinte década non se superaban as 20. Este descenso continuou e no ano 2000 soamente se incorporaron ao centro 7 alumnos e alumnas.

Na Figura 16 preséntase unha gráfica desta evolución, dende o curso 1981-1982 ata o curso 2003-2004 posto que é o último ano no que se recollen datos de novo alumnado no libro de matrícula do centro.




**Figura 16**  
*Evolución da matrícula.*



Seguindo tamén os datos do libro de matrícula e, a partir do ano 2007 dos datos recollidos no XADE, preséntase na Figura 17 a evolución do número de alumnos e alumnas do centro, existindo unha falta de datos entre os ano 2004 e 2007.

**Figura 17**  
*Evolución do número de alumnos*




**10. A escola en Cesuras na actualidade.**

Durante os seus corenta anos de vida o actual colexio que hai en Cesuras experimentou diferentes cambios non só na súa denominación senón tamén nas súas infraestruturas. Se temos en conta a Figura 18 pode observarse un plano de cales son as instalacións actuais do centro escolar e, marcado en amarelo, cales eran as instalacións existentes no momento da súa inauguración.

Cómpre destacar que o proceso para conseguir esas melloras foi complexo xa que non sempre se contou coa colaboración da administración para conseguilas (Suxeito 35, 2022).

### Figura 18

Planos do centro escolar.



Na actualidade o CEIP dispón de dous edificios e unha zona exterior colindante co Pavillón Polideportivo de titularidade municipal de uso compartido Concello- Colexio.

O edificio A (o máis antigo) dispón de 4 plantas comunicadas por escaleiras e ascensor, planta de acceso, entreplanta e 1ª planta.

Na planta baixa do adifício atópanse unicamente o cuarto da caldeira, o patio cuberto e os aseos correspondentes a este. Pola súa banda a planta de acceso acolle a cociña,comerdor e despensa; 1º e 2º de primaria e os aseos tanto do alumnado como da cociñeira.

A entreplanta acolle a sala de orientación e a biblioteca, de uso compartido co concello, e que é o principal centro de recursos bibliográficos e dixitais tanto do centro como da veciñanza de Oza-Cesuras. Tradicionalmente a biblioteca é de uso escolar ata as 16 horas

cando pasa a quedar ao cargo do concello e pode ser empregada tamén polos demais habitantes. Mais na actualidade este uso non é posible debido á pandemia.

Finalmente na primeira planta atópase a aula de Música/Science a aula de PT e AL, dúas aulas de E. Primaria (3º-4º,5º-6º), a aula de inglés, un cuarto auxiliar de limpeza, o botiquín médico,os aseos múltiples para o alumnado desa planta e o laboratorio que na actualidade, debido á situación provocada polo COVID, está sendo utilizado como aula de relaxón.

O edificio B dispón de 2 plantas comunicadas por escaleiras. A planta superior do edificio está adicada ao uso exclusivo do alumnado de infantil e conta con 4 aulas: a aula de xogos, a aula de traballo, a aula de psicomotricidade e a aula de almacenamento dos materiais. Ademais nesta planta superior do edificio B tamén se atopa un aseo.

Na planta inferior do edificio atópase o salón de actos así como os baños múltiples do alumnado ademais dunha sala de caldeira.

En canto ao patio, este dispón de 3 estancias: o patio cuberto situado na planta baixa do edificio A e no que se atopan tamén aseos múltiples para o alumnado; o patio de educación infantil e por último o patio de educación primaria dotado, ademais, coas pistas de atletismo descubertas.

No Anexo 4 pode verse unha comparativa de cal era o aspecto do centro o día da súa inauguración en setembro de 1981 e na actualidade.

Ademais, tendo en conta outras características ademais das propias instalación, cómpre destacar que na actualidade é un centro educativo con unha única liña. Todo o alumnado de infantil está agrupado nunha aula, e o alumnado de primaria, distribúese nunha aula para 1º e 2º, outra para 3º e 4º e unha última para 5º e 6º. Finalmente, en canto ao profesorado o centro conta cunha mestra de Educación Infantil para as tres idades de 3, 4, e 5 anos; dúas mestras de primaria, unha especialista en inglés, unha especialista en educación física, un especialista en música, e unha especialista en P.T. Ademais ao centro acoden unha orientadora e unha A.L

## **11. Conclusión**

Todo o comentado ata o momento permite chegar á conclusión de que, aínda que se puxeron en marcha certas experiencias a favor da escolar rural, “realmente non existiu unha política educativa axustada ás necesidades territoriais e humanas do medio rural” (Caride, 2014, p.166). Así, na actualidade, son moitos os estudosos da educación que critican a forma e o fondo desas concentracións escolares. Existen estudos coma os realizados por Carmena e Regidor (1984) que contraponen o principio economicista promotor das concentracións e indican que xa no curso 1975-1976 o custo da concentración era un 18,9% maior ao de manter unha unitaria de 25 alumnos.

Isto fai concluír a autores como Caride(2014) que “en realidade, este modelo de xestión, máis que simplificar e economizar, o que facía era despilfarrar e complicar a situación da escola rural” (p.166) ademais de supoñer a perda dun dos elementos simbólicos e de socialización fundamentais do medio rural ( Caride, 2014). Neste sentido, os centros herdeiros destas concentracións escolares presentan na actualidade unha serie de carencias derivadas do baixo número de alumnos, que se materializan na falta de profesorado, recursos e dotación económica.

## 12. Bibliografía

Cabrera Montoya, B.(2007). *Políticas educativas en clave histórica: la logse de 1990 frente a la lge de 1970*. *Tempora*, 10,147-181.<https://www.google.com/url?sa=t&rct>

Caride, A.(2014). *A escola (rural) como pasado e futuro*.*Innovación Educativa*,24,155-172. <https://www.google.com/url?sa=t&rct>

Ceña Delgado, F. (1992).*Transformaciones del mundo rural y políticas agrarias*.*Revista de estudios Agrosociales*,162,11-35.  
<https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2165639>

CCOO.(2018). *La escuela rural en el siglo XXI*.<https://www.google.com/url?sa=t&rc>

Costa Rico, A. (2004). *Historia da educación e da cultura en galicia (séculos iv-xx): permanencias e cambios no contexto cultural e educativo europeo*.Xerais.

De Gabriel Ferbández,N.(2001).*Escolantes e escolas de ferrado*.Xerais.

De Gabriel,N.(1997).*Alfabetización y escolarización en España*. *Revista de educación*,314,217-243.<https://dialnet.unirioja.es/servlet/ar>

Escolano Benito, A. (2002).*La educación en la España contemporánea* .Biblioteca Nueva.

Ferradás & Franco López(2018). *Preescolar na casa: de preparación para la escuela a educación familiar en el medio rural de Galicia (España)*. *Historia y Memoria de la Educación*,7,335-361.<https://www.researchgate.net/publica>

Fiaño Sánchez,M.(2018).*Historia escolar de Coirós*.Diputación da Coruña.

Gálvez,E.(1994). *La evolución de la enseñanza primaria en España*.*Tendencias pedagógicas*,1,75-86.<https://dialnet.unirioja.es/servlet/>

Gambetta, S.( 2009). *¿Por qué y para qué la historia de la educación?*.

Aportes de las Ciencias de la Educación a la comprensión de la realidad social y educativa.

Lázaro Flores E. (1975). *Historia de las construcciones escolares en España*. Revista de educación, 240, 114-126. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/arti>

Ley de 17 de julio de 1945 sobre Educación Primaria. Boletín Oficial del Estado, núm. 199, de 18 de julio de 1945

Ley 45/2007, de 13 de diciembre, para el desarrollo sostenible del medio rural. Boletín Oficial del Estado, núm. 299, de 14 de diciembre de 2007.

<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2007-21493>

Navarro, R. (1989). *El franquismo, la escuela y el maestro*. Revista interuniversitaria, 8, 167-180. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=87427>

Pousa Antelo, A. (1988). *A escola agrícola da granxa de Barreiros*. Edicións do Castro.

Santamarina, R. (2012). *Un poco de historia de la escuela rural en España*. <https://www.google.com/url?sa=t>

Sayavera, S. (2016). *El sistema educativo durante el franquismo*. Revista Aequitas, 8, 31-62. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6602800>

Serrano F. (2015). *La tramitación de la Ley General de Educación y Financiamiento del Sistema Educativo de 1970. Análisis desde una perspectiva político-educativa* [Tesis doctoral Universidad Cardenal Herrera-CEU]. Reposito institucional CEU. <https://www.google.com/url?sa>

Viñao Frago, A. (2021). *La ley general de educación (lge) y la reforma de 1970. Una visión personal desde la administración educativa periférica*. *Historia y Memoria de la Educación*, 14, 355-370. <https://www.google.com/url?sa=>

Viñao Frago, A. (2002). *Sistemas educativos, culturas escolares y reformas*. Morata.


### 13. Anexos

#### Anexo 1: relación de entrevistados

Ano de nacemento	Lei educativa coa que estudou	Alcume
1944	LEP 1945	Suxeito 1
1945	LEP 1945	Suxeito 2
1969	LXE 1970	Suxeito 3
1940	LEP 1945	Suxeito 4
1977	LXE 1970	Suxeito 5
1956	LEP 1945	Suxeito 6
1959	LEP 1945-LXE 1970	Suxeito 7
1943	LEP 1945	Suxeito 8
1966	LXE 1970	Suxeito 9
1934	LEP 1945 e anterior.	Suxeito 10
1970	LXE 1970	Suxeito 11
1967	LXE 1970	Suxeito 12
1955	LEP 1945	Suxeito 13
1944	LEP 1945	Suxeito 14
1960	LEP 1945 e LXE 1970	Suxeito 15
1965	LXE 1970	Suxeito 16
1951	LEP 1945	Suxeito 17
1936	LEP 1945	Suxeito 18
1969	LXE 1970	Suxeito 19
1937	LEP 1945	Suxeito 20
1966	LXE 1970	Suxeito 21
1969	LXE 1970	Suxeito 22
1943	LEP 1945	Suxeito 23
1951	LEP 1945	Suxeito 24
1957	LEP 1945	Suxeito 25
1971	LXE 1970	Suxeito 26


1957	LEP 1945	Suxeito 25
1969	LXE 1970	Suxeito 27
1949	LEP 1945	Suxeito 28
1946	LEP 1945	Suxeito 29
1951	LEP 1945	Suxeito 30
1953	LEP 1945	Suxeito 31
1933	LEP 1945 e anterior	Suxeito 32
1935	LEP 1945 e anterior	Suxeito 33
1966	LXE 1970	Suxeito 34
1983-2017 docente do centro.		Suxeito 35


**Anexo 2: carta á unitaria de nenas de Bragade.**







Anexo 3: material escolar









hizo pasar uno a uno hasta el departamento ministerial a través de un estanco y salutaris comidos.  
Cuando todos estuvieron ya delante del ministro, este, por indicación del sabio consejero, les invitó a bailar. Salvo uno se dedicó a vacarlo al momento. Eso es el tambor borrado.



Mapa de la distribución de los climas  
Cálido     seco     húmedo     muy húmedo  
occasional

R. B. Laborator

laboratorio se hicieron que a lo largo del curso se hacen en el laboratorio de física y matemáticas que se le dan predicciones, estos predicciones se los pagan mucho para después de que los comparemos con los resultados que se dan en el laboratorio. Después de haber estado trabajando en el laboratorio se ve que siempre se dan resultados muy buenos y eso se debe a la falta de interferencia entre los dos que hacen una gran cantidad de trabajo en estos momentos. Los datos de esta manera son muy precisos y eso se debe a que se trabaja en un ambiente muy bueno y eso es lo que se necesita para que se puedan hacer los trabajos y eso es lo que se necesita para que se puedan hacer los trabajos.

**Anexo 4: O centro en 1982 e en 2022**

